SOLUCIÓNS OPCIÓN B

BLOQUE I. ORIENTACIÓN

EXERCICIO 1: SUPOSTO LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA (1 ,00 pto)

1. Que normativa regula as normas de convivencia dos centros educativos? Que medidas complementarias elaborará e desenvolverá o departamento de orientación?

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

As normas de convivencia de cada centro concretarán os dereitos e os deberes do alumnado e establecerán as condutas contrarias á convivencia e ás correccións que correspondan (NOF)

Como complemento das medidas correctoras previstas, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas aplícanse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e das familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Que funcións ten a instrutora para dar unha resolución ao procedemento?

A persoa instrutora terá as seguintes funcións: Art. 48 do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

a. Practicar cantas dilixencias estime pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
b. Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
c. Propoñer á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian a aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.
d. Propoñer á dirección do centro o arquivo das actuacións se despois das indagacións realizadas estima que non procede corrixir a conduta.

3. De canto tempo dispón Nerea para resolver e presentar proposta de resolución?

Artigo 37.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A resolución notificarase á nai ou pai, á titora da alumna ou alumno, e se este é maior de idade, no prazo máximo de 12 días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento e comunicarase á inspección educativa.

4. Que medidas pode propor a instrutora ante un expediente sancionador común corrector?

Art. 21 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como no art. 39 do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b. Suspensión do dereito para participar nas actividades extraordinarias ou complementarias do centro por un período de 2 semanas a 1 mes.
c. Cambio de grupo.
d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre 4 días e 2 semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre 4 días lectivos e 1 mes. Durante ou tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f. Cambio de centro.

5. A instrutora, pode propoñer á dirección do centro que o alumno non participe nas actividades complementarias e/ou extraordinarias?

Si, suspensión do dereito para participar nas actividades extraordinarias ou complementarias do centro por un período de 2 semanas a 1 mes.

6. Unha vez presentada proposta de resolución e aceptada pola dirección, pode a familia presentar algún tipo de reclamación? En caso afirmativo, ante que órgano e en que prazo?

Art. 54 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar, no prazo de 2 días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

EXERCICIO 2: ELEMENTOS MÍNIMOS DUN PROXECTO EMPRENDEDOR (0,50 ptos)

Elementos proxecto emprendedor:

Plan de empresa	Plan financeiro
Maduración da idea de negocio	Plan de tesoureira
Localización	Conta de resultados provisional
Organización da produción e dos recursos	Balance provisional
Xustificación da súa responsabilidade social	Análise viabilidade económica e financeira
Plan de marketing	
Elección da forma xurídica	
Trámites administrativos	

BLOQUE II. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

EXERCICIO 1: EXPOSICIÓNS A QUÍMICOS (1,50 ptos)

1. Calcule a concentración media ponderada durante a xornada laboral da persoa traballadora do posto de traballo 1, xustificando a resposta:

Fórmula Concentración = $Concentración = \frac{\Sigma(Ci\ x\ Ti)}{Tempo\ de\ exposición\ Real} \rightarrow$

[(C1 x T1) + (C2 x T2) + (C3 x T3) + (C4 x T4)] / Tempo exposición real

Concentración (8,5h) = [(185 x 0,60) + (190 x 3) + (170 x 0,90)) + (160 x 0,60) / 5,1

Resultado = 182,35 ppm

Razoamento e interpretación: O valor acadado correspóndese cunha xornada de 8 horas e media. Este valor é superior ao VLA-ED (50 ppm). E ademais hai que ter en conta que este VLA-Ed é para unha xornada de 8 horas.

2. Indique se o valor da concentración media ponderada é admisible desde o punto de vista do hixienista (posto 1), xustificando a resposta:

Fórmula: $ED = \frac{Ci\ x\ ti}{8}$; ED = (182,35 x 8,5) / 8 = 193,75 ppm

$I = \frac{Cel}{VLA-ED}$ → I = CEL / VLA - ED = 193,75 / 50

Fórmula I = CEL / VLA - ED; I = CEL / VLA - ED = 193,75 / 50

Resultado: 3,88

Razoamento e interpretación: Como o devandito valor é superior a 1, deberíanse tomar medidas para reducir a exposición da persoa traballadora ao tolueno.

3. Calcule o caudal de ventilación necesario para diluír a concentración de vapor por tolueno no interior do local de traballo durante unha xornada de 8h evaporándose a razón de 0,8 litros por hora, e tendo en conta que o valor do TLV do tolueno é de 20 ppm, a súa densidade é de 0,87 litros, a súa masa molecular é 92,13 e o coeficiente de seguridade é de 1 para o posto 1.

Fórmula: $Q = \frac{24\ x\ V\ x\ d\ x\ 10^6\ x\ K}{PM\ x\ TLV} \rightarrow Q = \frac{24\ x\ 0{,}8\ x\ 0{,}87\ x\ 10^6\ x\ K}{92{,}13\ x\ 20}$

Resultado = 9.065,45 m^3/h

Razoamento e interpretación: O caudal de ventilación necesario para diluír a concentración de vapor do tolueno no interior do local de traballo durante unha xornada de 8h será de 9.065,45 m3/h .

4. Determine se existe risco hixiénico no posto 2, xustificando a resposta:

Fórmula: $\boldsymbol{K = \Sigma \frac{C}{VLA-ED}}$

1º contaminante: K = (4/5)

2º contaminante: K = (1/1)

4º contaminante: K = (1/2)

Efecto aditivo K = (C1 / VLA - ED1) + (C2 / VLA - ED2) + (C3 / VLA - ED3)

Resultado 1º contaminante: 0,8

Resultado 2º contaminante: 1

Resultado 4º contaminante: 0,5

Resultado efecto aditivo K = 2,30

Razoamento e interpretación: Individualmente, existe risco dubidoso para o primeiro contaminante se se considera o seu efecto independente porque se atopa entre 0,5 e 1; no segundo caso, enténdese que existe risco pois acada o valor de 1; en cambio, para o terceiro contaminante non existe risco hixiénico. Pero ao ter en conta o seu efecto aditivo si que existe risco hixiénico xa que o valor acadado en conxunto supera 1.

EXERCICIO 2: EXPOSICIÓN A VIBRACIÓNS (1,00 pto)

Real Decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.

Trátase de vibracións do sistema corpo enteiro. As vibracións son riscos medioambientais físicos e teñen un valor de acción de 0,5 e un límite de 1,15. No momento en que se supera o valor de acción hai que adoptar unha serie de medidas, que se agravan no caso de chegar ou superar o límite.

Para valorar a exposición a vibracións temos que calcular a exposición diaria para 8h en cada eixo:

- Ax (8) = 1.4 x 0.6 √(4/8) = 0,593m/sg^2
- Ay (8) = 1.4 x 0.7 √(4/8) = 0,692m/sg^2
- Az (8) = 1 x 1.3 √(4/8) = 0,919m/sg^2

A exposición diaria de Marcos corresponde co eixo con maior valor, neste caso o Z. O valor que se obtén é inferior ao límite, pero é superior ao nivel de acción, polo que hai que adoptar medidas.
Ante esta situación, de superar o nivel de acción para este risco, deberá establecerse un programa de medidas técnicas e organizativas destinado a reducir ao nivel máis baixo posible os riscos pola exposición a vibracións. Para iso, podemos adoptar medidas para diminuír a intensidade das vibracións ou ben para diminuír os tempos de exposición. As persoas traballadoras non deben estar expostos en ningún caso a valores superiores ao valor límite de exposición.

Para diminuír o nivel de vibración dunha máquina pódense aplicar medidas técnicas destinadas a reducir as vibracións, medidas para atenuar a transmisión á persoa traballadora mediante a interposición de materiais illantes ou absorbentes da vibración. Ademais, débese informar e formar correctamente ás persoas traballadoras sobre os riscos e as medidas preventivas e de protección a utilizar e, tamén, se debe establecer un programa de vixilancia da saúde das persoas traballadoras expostas.

BLOQUE III. DEREITO LABORAL

EXERCICIO 1: CÁLCULO SALARIO A TEMPO PARCIAL + BASE MÍNIMA HORARIA (2,25 ptos)

1.Que é e en que consiste o MEI?

Por aplicación da reforma das pensións 2022 (D.F. 4ª da Lei 21/2021, do 28 de decembro), a partir de 2023, créase o denominado «Mecanismo de Equidade Interxeracional» consistente nunha cotización finalista aplicable en todos os réximes e en todos os supostos nos que se cotice pola continxencia de xubilación.

A cotización fixouse inicialmente en 0,6 puntos porcentuais, o que, seguindo a estrutura actual de distribución entre empresa e persoa traballadora, supoñerá en 2023:

- MEI Persoa Empregadora: 0,50%.
- MEI Persoa Empregada: 0,10 %.

Sobre o deseño orixinal, o Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo (reforma da pensións 2023), estableceu unha serie de subidas ata acadar en 2050 (art. 127 bis e D.T. 43.ª da LGSS) uns 1,20 puntos porcentuais:

- MEI Persoa Empregadora: 1 %.
- MEI Persoa Empregada: 0,20 %.

2. Realiza o recibo de salario do mes de marzo, incluíndo as bases mínimas do mes.

En primeiro lugar, calculamos a porcentaxe de xornada. 24 horas á semana /40 horas x100 = 60 % de xornada.

Cálculo das horas totais traballadas: 14 días x 8 horas ao día = 112 horas, máis 7 horas complementarias = 119 horas/ mes.

As horas extraordinarias páganse ao mesmo valor que a hora ordinaria. Se fixo 7 horas e aboáronlle 70 euros, a hora retribúese a 10 €/hora. Se lle aboaron 50 € de horas extraordinarias de forza maior, polo que realizou 5 horas.

Dende o 1-1-23 as cantidades segundo o art. 37 da Orde PCM/74/2023, do 30 de xaneiro (actualizado con efectos de 01/01/2023 pola Orde PCM/313/2023, do 30 de marzo)]:

CONTRATO DE TRABALLO A TEMPO PARCIAL	GRUPO COTIZACIÓN	BASE MÍNIMA/HORA
	4 a 11	7,59

Base Mínima Horaria 2023 para grupo de cotización 07: 7,59 €/hora

Recibo de salarios:

Do 1 ao 31 de marzo de 2023

Marzo						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

I. PAGAMENTOS

1. Percepcións salariais:

Salario base: 1.300 x 60 % = 780 €

Horas complementarias (contratos a tempo parcial)= 70 €

Horas extraordinarias forza maior= 50 €

2. Percepcións non salariais

Vale comedor: 14 días x14 €/día = 196 €

COMPUTA IRPF: 14 días X 3 €/día = 42 €

EXENTO IRPF: 14 días X 11 €/día = 154 €

A.TOTAL DEVENGADO: 1096€

Cálculos previos:

BCCC: Remuneracións: 780 + 70 + 196 = 1.046 + Rateo: (2 x 780) / 12 = 130 €.

Total= 1.176 €.

BCCP: 1176+50 = 1.226 €

Comprobamos bases:

Base mínima horaria grupo para CC:

119 horas x 7,59 €/hora = 903.21 € (a BCCC é superior á base mínima horaria do grupo)

Base mínima horaria CP: (119 + 5) x 7,59 €/día = 941,16 (é superior á base mínima CP)

BIRPF: A - exento = 1.096 - 154 = 942 €

BASE ADICIONAL HEFM: 50 €

II. DEDUCIÓNS

Achega da persoa traballadora ás cotizacións da S.S e conceptos de recadación conxunta

Continxencias comúns 4,7 % + 0,1 (MEI) x 1.176 = 56,44 €

Desemprego 1,55 % x 1.226 = 19 €

Formación profesional 0,1% x 1.226 = 1,22 €

Horas extraordinarias 2% x 50 = 1

Total achegas SS: 77,66 €

Imposto sobre a renda das persoas físicas: 942 x 2% = 18,84 €

Valor de produtos recibidos en especie: 196 €.

B. TOTAL A DEDUCIR: 292.50 €

Líquido a percibir. A - B: 803,50 €

DETERMINACIÓN DAS BASES DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL E CONCEPTOS DE RECADACIÓN CONXUNTA E DA BASE SUXEITA Á RETENCIÓN DO IRPF:

Continxencias Comúns: 1.176 x (23,6 % +0,5 % MEI) = 283.41 €

Continxencias Profesionais: 1.226 x 1.5% = 18,39 €

Desemprego: 1226 x 5.50% = 67,43 €

Formación Profesional: 1.226 X 0,6 % = 7,35 €

Fondo Garantía Salarial: 1.226 X 0,2 % = 2,45 €

Cotización adicional horas extraordinarias: 50 x 12 % = 6 €

Total achega da empresa: 385,03 €

Canto lle custa á empresa esta persoa traballadora este mes?

Salario Bruto + Achega da empresa = 1.096 + 385,03 = 1.481,03 €

BLOQUE IV. SEGURIDADE SOCIAL

EXERCICIO: CÁLCULO PRESTACIÓN I.P. GRAN INVALIDEZ (1,50 ptos)

1. REQUISITOS

A persoa traballadora cumpre todos os requisitos para acceder á prestación de gran invalidez, xa que:

- Atópase en situación de alta.
- Non cumpre os requisitos de idade para xubilarse.
- Cumpre o período de cotización esixido en caso de enfermidade común para persoas traballadoras menores de 31 anos.

Período xenérico de cotización: a terceira parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 16 anos e a do feito causante. Segundo isto:

19 anos – 16 anos = 36 meses.

1 / 3 de 36 meses = 12 meses (período de carencia esixido).

Período específico de cotización: non se esixe.

Así pois, a persoa traballadora cumpre co período mínimo de cotización de 12 meses.

2. CONTÍA PRESTACIÓN

2.1 Base reguladora:

Persoa traballadora menor de 52 anos na data do feito causante (ao que se esixe un período de cotización inferior a 8 anos):

A BR acharase dividindo a suma das bases mensuais de cotización en número igual ao de meses de que conste o período mínimo de cotización esixible, sen ter en conta as fraccións de mes, polo número de meses a que ditas bases refíranse, multiplicando este divisor polo coeficiente 1,1666, e excluíndo, en todo caso, da actualización as bases correspondentes aos 24 meses inmediatamente anteriores ao mes previo a aquel en que se produza o feito causante.

B.R.= $\frac{1.650\ x\ 12}{12\ x\ 1{,}1666}$ = 1.414,37 €

O traballador incapacitado ten unha idade de 19 anos, a porcentaxe segundo os anos de cotización, 48 anos (1 ano cotizado máis os 47 anos considerados como cotizados por ser os anos que lle faltan para cumprir a idade de 67 anos). Terá dereito a manter o 100 % desa base reguladora para calcular a prestación.

2.2 Contía:

A contía da pensión por gran invalidez estará formada polo importe da pensión que corresponda por incapacidade permanente, incrementada cun complemento destinado a remunerar á persoa que atenda ao beneficiario.

Importe do complemento:

Será o resultado de sumar o 45 % da base mínima de cotización vixente no Réxime Xeral no momento do feito causante, calquera que sexa o réxime no que se recoñeza a pensión, e o 30 % da última base de cotización da persoa traballadora correspondente á continxencia da que derive a situación de incapacidade permanente. En ningún caso, este complemento poderá ter un importe inferior ao 45 % da pensión percibida -sen o complemento- pola persoa traballadora.

Porcentaxe da base reguladora por incapacidade permanente gran invalidez:

100 %, é dicir, 1.414,37 €

Complemento por gran invalidez:

45 % x base mínima grupo de cotización +30% x última base pola mesma continxencia da persoa traballadora: 45 % x 1.459,20 + 30 % x 1650 = 656,64 + 495 = 1.151,64 €

Complemento mínimo: 1.414,37 x 45 % = 636,47 €

Importe da pensión:

Base reguladora x porcentaxe + Complemento:

1.414,37 x 100 % + 1.151,64 € = 2.566,01 €/mes 14 pagas

Esta pensión de gran invalidez por enfermidade común, que se percibe en 14 pagas ao ano é superior á mínima establecida para un pensionista baixo o mesmo suposto unipersoal en 2023, 1.082,60 €/mes, e inferior á pensión máxima de 3.058,81 €.

3. DATA DO FEITO CAUSANTE E DOS EFECTOS ECONÓMICOS

Se a incapacidade permanente non está precedida de incapacidade temporal ou esta non se extinguiu:

- feito causante enténdese producido na data de emisión do ditame - proposta do Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI).
- Os efectos económicos fíxanse na mesma data de emisión do ditame - proposta.

Declarada a gran invalidez, os efectos económicos da prestación retrotráense á data do ditame do Equipo de Valoración de Incapacidades, é dicir, ao 01/04/2023. E iso sen prexuízo de que do importe da pensión se deduza o percibido en concepto de subsidio de incapacidade temporal, cuxo abono víñase mantendo provisionalmente ata a data da declaración administrativa da gran invalidez.

BLOQUE V. EMPRESA E ECONOMÍA

EXERCICIO 1: SUPOSTO PRODUTIVIDADE MARXINAL (1,25 ptos)

a) Complete a seguinte táboa tendo en conta que o prezo de venda do ben é de 6 €/unidade.

Nº de traballadores/as	Salario	Produción total diaria	Produtividade marxinal	Valor da produtividade marxinal
1	36	20	20	120
2	36	32	12	72
3	36	38	6	36
4	36	42	4	24
5	36	44	2	12

b) Comente a variación experimentada polos custos e ingresos cando a persoa empresaria pasa de contratar de 1 a 2 persoas traballadoras e a contratar a 3 persoas traballadoras.

Mentres que os custos se incrementan na mesma proporción contratando de unha a dúas persoas e de dúas a tres persoas traballadoras, os ingresos increméntanse nunha proporción inferior cada vez máis.

c) Indique a cantas persoas traballadoras contratará o empresario tendo en conta a produtividade marxinal.

A persoa empresaria busca maximizar beneficios e contratará unidades do factor variable ata que o salario coincida có valor en euros da súa produtividade marxinal.

É dicir, ata que :

Salario = Prezo do ben x Produtividade marxinal do factor.

36 = 6 x 6, é dicir, ata 3 persoas traballadoras.

d) Explique e indique cantas persoas traballadoras estaría disposta a contratar a persoa empresaria se o salario fose de 39 €.

A persoa empresaria busca maximizar beneficios e contratará unidades do factor variable ata que o salario coincida co valor en euros da súa produtividade marxinal.


É dicir, ata que :

Salario = Prezo do ben x Produtividade marxinal do factor.

39 é maior que produtividade marxinal da 3ª persoa traballadora (36), polo que só estaría disposto a contratar como máximo a 2 persoas traballadoras.

e) Represente mediante unha gráfica a curva de demanda de traballo coa información obtida nos apartados anteriores, explique dita gráfica e explique a frase "a demanda de traballo é unha demanda derivada e decrecente":

Representación gráfica:



Explicación da gráfica:

Imos considerar que a demanda de traballo depende fundamentalmente do salario e que a produtividade e o prezo permanecen constante (ceteris paribus). Como dixemos que a cantidade de persoas traballadoras que as empresas están dispostas a contratar será maior canto menor sexa o salario, a curva será decrecente. É dicir, a menor salario, maior demanda de traballo.

A CURVA DE DEMANDA DE TRABALLO vai mostrar cantas persoas están dispostas a contratar as empresas para cada nivel de salarios.

A curva desprazarase á dereita sempre que se aumente a produtividade das persoas traballadoras ou o prezo. Por suposto, un descenso das mesmos, faría que a curva se desprazase á esquerda.

Explicación da frase "a demanda de traballo é unha demanda derivada e decrecente"
A curva de demanda de traballo é unha demanda derivada porque os factores produtivos non se demandan por se mesmos, senón porque son necesarios para obter un ben final ou outros bens intermedios.
A curva de demanda de traballo en función do salario é decrecente porque se os salarios aumentan, as empresas reducirán a demanda de traballo, xa que resulta máis caro contratar.

EXERCICIO 2: SUPOSTO MACROMAGNITUDES (1,00 pto)

Saldo exterior = X - M = 6.720 - 7.329 = - 609 €
PIBpm = C + I + GP + X - M = 47.289 + 8.500 + 4.500 + (6.720 - 7.329) = 59.680 €
PNBpm = PIB - Rendas de residentes non nacionais rendas de nacionais non residentes = 59.680 - 2.000 + 4.000 = 61.680 €
RN = PNNcf = PNB - Impostos netos á produción e á importación - amortizacións = 61.680 - 3.977 = 57.703 €
RN per cápita = RN/número de habitantes = 57.703 / 70 = 824,32 €
RP = RN - Cotizacións SS + Transferencias do Estado - Beneficios de empresas non distribuídos = 57.703 - 0 + 0 - 0 = 57.703 €
RPD = RP - IMPOSTOS DIRECTOS = 57.703 - 968 = 56.735 €